


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

17-18 de agosto do 2024

XX ORDINARIO B



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 3** *Unha xuntanza de amor*

**Celebrante:**

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir a vida de Xesús e o seu pan en comunidade, e facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe, as palabras de Xesús seguen valendo a pena, dinos: “se queredes ter vida en vós, tede parte na miña vida, compartide o meu pan”.

Xesús preséntase no evanxeo coma o pan da vida; e ser cristián é nin máis nin menos que ter parte na vida de Xesús. E ao sermos cristiáns así, imos ser vida no mundo de hoxe. Somos vida coas nosas ansias de paz, somos vida co noso esforzo pola igualdade, somos vida compartindo e aollendo en parroquia, somos vida berrando un trato digno ante a traxedia dos refuxiados, somos vida cos maiores das nosas comunidades.

Así facemos críbe a Xesús. Iso é comer a súa carne, iso é beber o seu sangue, iso foi o que nos uniu en comunidade fai uns días no merendeiro de San Antonio en Verducido, con todas as parroquias de Os Cotos.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante** *A vida de Xesús demostranos que vale a pena compartir con todas as persoas dende a actitude da constancia, dende o día a día. Pero non sempre poñemos o mellor da nosa parte, por iso hoxe, antes de máis nada queremos pedir perdón e refacer a nosa relación con Deus **porque queremos facelo mellor:***

**Monitor/a**

- *Ti que con palabras e feitos nos amosas un camiño para vida, perdoo as veces que nós non somos un bo exemplo. Señor, ten piedade de nós*
- *Ti que das a vida para que nós a teñamos en Ti, perdoo as veces que en nós pode máis o egoísmo que a solidariedade. Cristo, ten piedade de nós*
- *Ti que permaneces en Deus Pai, axúdanos a ser cada día mellores e lévanos á túa Gloria para participar do teu Reino de amor, xustiza e paz. Señor, ten piedade de nós*

**Celebrante:** *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, e dos que por unhas ou outras razóns se senten sen vida. A todos, o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior, dun xeito especial queremos ser hoxe a voz das persoas que se senten mortas en vida e están pasando por momentos moi duros e difíciles.*

*(silenzo)*

**Celebrante:**

Deus, Noso Pai,  
Ti que preparaches bens para aqueles que te aman  
enche os nosos corazóns co teu amor.  
Fai que amándote a Ti en todo e sobre todo,  
academos as túas promesas.  
Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, teu Fillo,  
que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:**

*As lecturas de hoxe chámannos a facer do compartir o camiño para sermos cribles.*

*Imos escoitar no evanxeo a Xesús insistindo en que El é o Pan de Deus, porque é o pan da vida que dá vida ao mundo.*

*Nós queremos que Xesús farte as nosas fames de paz e comunidade. Escoitamos*

## LECTURA DO LIBRO DOS PROVERBIOS

A Sabedoría construíu a súa casa  
tallou as súas sete columnas,  
fixo a matanza do gando, mesturou o seu viño,  
e preparou a súa mesa;  
despachou as súas criadas a anunciar o convite  
polos altos da cidade:

- "Quen sexa inxenuo, que se achegue aquí";  
ao que carece de siso dille:

- "Vide, comedo do meu pan  
e bebedo do viño que mesturei,  
deixade a vosa inxenuidade e viviredes,  
camiñade pola vía da intelixencia".

### Palabra do Señor

🎵 50 Na tardiña baixa da vida SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 233 Xn 6,41-51 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela díxolle Xesús á xente:

- Eu son o pan vivo que baixou do ceo: se alguén come  
deste pan, vivirá para sempre; e o pan que eu darei, é a  
miña carne, para a vida do mundo.

Discutían entón entre eles os veciños:

- Como pode este darnos a comer a súa carne?

Díxolles entón Xesús:

- Con toda verdade volo aseguro: se non comedes a carne  
do Fillo do Home e non bebedes o seu sangue, non  
teredes vida en vós. Quen come a miña carne e bebe o  
meu sangue, ten vida eterna e eu resucitareino no  
derradeiro día. Pois a miña carne é verdadeira comida e  
o meu sangue é verdadeira bebida. Quen come a miña  
carne e bebe o meu sangue, permanece en min e eu nel.  
Así coma o Pai, que me mandou, vive e eu vivo polo Pai,  
así tamén quen me coma vivirá por min. Este é o pan que  
baixou do ceo; non coma o que comeron os pais que  
mesmo así morreron: quen come este pan, vivirá para  
sempre.

### Palabra do Señor

(sentad@s)      gardamos uns instantes de silencio para  
acoller a palabra no corazón



## Oración agradecida



E cóllesme da man, Xesús,  
e lévasme á escola de Deus,  
onde todos e todas son ensinadas  
para o exercicio simple e diario do amor,  
para que aprenda,  
para que deixe enchoupar a vida de afectos solidarios,  
e me perda contigo na nobre tarefa  
de ser froito e semente de fraternidade.

Grazas!

Cólllesme da man  
e lévasme a casas e lugares insospeitados,  
onde viven persoas insospeitadas,  
que falan de ti cunha linguaxe insospeitada,  
persoas insignificantes, populares,  
pegadas á práctica diaria de amar e servir,  
de dar, de darse,  
de facerse soño e manutención de excluídos/as,  
e chégame o eco das túas mesmas palabras:  
“eu son o pan que baixou do ceo”.

Grazas!

(en pé)

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante:** Neste encontro parroquial no que renovamos os nosos compromisos con Xesús, queremos coma EL, dar vida, anunciar o Evanxeo e ser cribles compartindo o pan da fe. Facémolo agora co credo:

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

**Monitor/a:**

Credes en Deus, Pai e Nai,  
que nos fixo á súa imaxe e semellanza  
convidándonos a vivir dando vida?

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Credes en Xesús, o seu Fillo benquerido,  
pan de vida que se nos dá no noso camiñar  
para vivilo en tolerancia, respecto e paz?

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Credes no Espírito Santo  
que nos alenta para vivir o evanxeo?

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Credes na igrexa, comunidade viva  
que quere ser exemplo de mesa que se comparte  
e de pan que se reparte?

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** Deus convídanos á súa mesa para ofrecernos o pan que alimenta corpos, esperta solidariedades e fai medrar esperanzas, por iso dicimos:

**ÉNCHENOS, SEÑOR, COA TÚA VIDA**

**Monitor/a**

- ✓ Porque desexamos coñecerte e amarte Señor, como Ti nos queres e nos amas. Rezamos
- ✓ Porque queremos compartir cos enfermos con aprecio e solidariedade, como Ti nos convidas. Rezamos
- ✓ Porque queremos agradecer as persoas que traballan pola xente marxinada, como facía Xesús. Rezamos
- ✓ Porque necesitamos traballar nas nosas comunidades de xeito que todos andemos en paz e xustiza sendo exemplo de evanxeo. Rezamos
- ✓ Para que os encontros coma o de fai uns días no merendeiro de Verducido, nos axuden a medrar sentíndonos familia. Rezamos
- ✓ Porque hai moitas persoas que esperan unha man que lles dea vida, comprometémonos e rezamos.

**Celebrante:** Señor, con esta oración queremos amosar o noso agradecemento ás persoas de ben que pos no noso camiñar na vida e a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén.

## 3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** Da man de Xesús, compartindo como parroquia, queremos ser vida e deixándonos encher do amor de Deus Pai rezámoslle coma o seu Fillo nos ensinou. Por iso dicimos

**NOSO PAI ...**



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** As nosas mans tendidas uns para os outros amosan a nosa vontade de comprometernos con Xesús no que dicimos e no que facemos, por iso coas nosas mans damos vida e as dos demais damos vida. Compartímolas na paz.

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

## COMUÑÓN

**Celebrante:** Os discípulos foron pouco a pouco descubrindo que valía a pena compartir con Xesús a conversa e a tenrura coa que facía ben.

Participamos hoxe aquí para asemellarnos a Cristo e compartir o seu pan de vida.

Sintámonos orgullosos por estar invitados a este pan do Señor.

**Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar**

♪ n° 47 **Ti elo pan do ceo**


## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL


**Celebrante:**

Señor, por esta celebración fasnos participar na vida de Cristo. Que a túa bondade nos faga semellantes a el na terra, para que poidamos participar da súa gloria no ceo.

Confiamos en Ti, noso Pai, que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén



*Con Xesús cremos que vale a pena imitalo nos feitos que dan vida.*



**“Eu son o pan da vida,  
o que baixa do ceo”**

*Palabras do evanxeo de hoxe.*

***Avísase das misas (ver folla do mes)***

***Rematamos lembrando a xuntanza do pasado día 15 en Verducido agradecemos a todas as persoas que dan unha man para que a comunidade de Os Cotos sexa unha comunidade viva.***

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén***

***Podémonos ir en paz. Amén***